



XUNTA DE GALICIA

Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

galicia

Román Rodríguez González

Estimado/a director/a:

O novo plan de transporte da Xunta de Galicia inclúe, como sabe, rutas que utilizan autobuses escolares compartidos, como é o caso das do seu centro.

Desde os dous departamentos responsables deste plan, a Consellería de Infraestruturas e a de Educación, estamos a realizar un grande esforzo para que os cambios se leven a cabo coa maior normalidade, sempre tendo en conta que o principal é un funcionamento impecable do transporte escolar, absolutamente prioritario en todo o proceso.

En todo caso, e para solucionar calquera posible pequena incidencia que poida aparecer pola novidade da situación, poden contactar co servizo de recursos educativos complementarios da xefatura territorial correspondente.

Pregaríalle que, de haber incidencias, fosen comunicadas coa maior brevidade posible, coa fin de arranxar calquera desaxuste. Así mesmo, rogámoslle faga extensiva esta comunicación tanto á ANPA do centro como ao resto da comunidade educativa, co obxecto común de axustar canto antes os inconvenientes que poidan identificarse.

Quedando, como sempre, ao seu dispor, reciba un cordial saúdo,

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017